LIÑA DO TEMPO

Para elaborar a liña do tempo imos traballar en pequeño grupo (4-5) Para levalo a cabo podemos escoller dous camiños:

1. Usar folios tamaño A4 ou A3 en horizontal ou vertical (se necesitamos varias, unímolas con pegamento e/ou cinta adhesiva)
2. Outra opción, é elaborar a liña do tempo online. Estas son algunhas opcións de ferramentas on-line:
   - Office Timeline: Permite facer liñas do tempo on-line ou en Power Point cunha serie de modelos que pode modificar, proxectar, gardar en formatos jpg ou pdf …
   - MyHistro: Ten a posibilidade de plasmar a historia nun mapa, con texto, vídeo, audio, imaxes … que podemos publicar online ou exportar a pdf.
   - Hai moitas outras opcións: Timeline, Tiki-Toki, Rememble, Timerine, Freetimeline …

Se escollemos a primeira opción, seguiremos os seguintes pasos.

O contido

O primeiro que debemos facer é unha **lectura atenta dos contidos** do apartado Un pouco de Historia. Axudarate facer as actividades interactivas desta parte (ver apartado Actividades)

A medida que imos lendo e analizando o contido**, eliximos as ideas, conceptos, e acontecementos clave de cada etapa histórica**. Para isto ten unha axuda no apartado **Guías: Táboa contidos Un pouco de Historia** (en pdf por se queredes imprimir e facelo a man, ou en documento editable, por se queredes facelo dixitalmente) e a Rúbrica de avaliación.

A escala

Nunha liña do tempo, é moi importante que haxa unha **escala proporcional nas etapas e nas distancias entre as diferentes datas**. Non podemos poñer 4 centímetros para 50 anos e logo poñer 20 cm para 10. Facendo unha simple regra de tres podemos facer os cálculos correctos.

No contido de Un pouco de historia tes datas dabondo para facer os cálculos. Aínda así, debes dividir a liña do tempo nas etapas históricas correspondentes:

	Etapa	Ano de comenzo	Feito que marca o inicio
PREHISTORIA	PALEOLÍTICO	2.000.000 a.C.	Orixe do ser humano
	NEOLÍTICO	9.000 a.C.	Agricultura e gandería
HISTORIA	IDADE ANTIGA	4.000 a.C.	Aparición da escritura
	IDADE MEDIA	476 d.C.	Caída do Imp. Romano
	IDADE MODERNA	1453 d.C.	O imperio turco conquista Constantinpla
		1492 d.C.	Desc. de América
	I. CONTEMPORÁNEA	1.789 d.C.	Revolución Francesa

Para que a escala non só sexa a correcta senón que tamén evite que a liña do tempo sexa ou excesivamente longa ou moi pequena, seguide estes **consellos**:

- Unha vez establecidas as dúas datas, de inicio e final, da liña do tempo, **calculamos cantos anos** terá .
- **Multiplicamos** este número de anos por "x" mm ou cm por ano. Imaxinemos que son 300 anos e multiplicamos por 3 mm/ano; serían 900 mm, é dicir, 90 cm. Necesitariamos un mínimo de 3 follas A4, p.ex.

CC BY NC SA

- Decidimos se o **tamaño da liña** é o adecuado ou temos que cambiar a escala porque a liña quede moi grande ou pequena.
- Temos que facer estes cálculos para a liña persoal e a de aula. Loxicamente serán ben distintas en tamaño e escala.

Algúns consellos sobre a escala:

- Pode que nos atopemos con que hai etapas concretas da liña que poden ter moitos fitos xuntos e que nos quedan demasiado "apretados" Neste caso, e co obxectivo de clarificar a liña, podemos facer outra liña por debaixo ou por riba que use outra escala, unindo o principio e final das dúas liñas con frechas. Tal como así:



- Tamén pode ocorrer que haxa unha etapa demasiado longa, con poucos fitos e desvirtúe dalgunha maneira a comprensión xeral da liña. Neste caso podemos "cortar" a etapa do seguinte xeito:



Elaboramos a liña do tempo

Debuxamos a liña/s (ou barra/s) e imos escribindo os **fitos** (datas, personaxes, acontecementos, etapas …), os **textos** que correspondan (breves) e as **imaxes**. Propoñemos algúns consellos:

- Os **anos** escríbense **con números arábigos** (1.235, 567 ...) e **os séculos en números romanos** (s VI, s XII) De haber dúbida poñemos a.C. (antes de Cristo) ou d.C. (despois de Cristo)
- A cada liña e incluso etapa dámoslle distinta **cor**.
- Podemos inserir **a información de xeito horizontal, vertical, diagonal, na parte superior e inferior** (p.ex. Reinos Occidentais arriba e Orientais abaixo) **ou con marcos** unidos cunha frecha á barra. Combinando as diferentes formas, aproveitamos mellor o espazo e así a liña do tempo será máis clara e didáctica:



- Incorporamos **debuxos, mapas e imaxes ilustrativas**.

CC BY NC SA